

DÍA DE SAN VALENTÍN

Venres 13 de febreiro. Sí, venres 13. Ese é o día para repartir as cartas polas aulas e entregarllas ao seu destinatario. Vai preparando a túa cartiña.

Mais, se queres que cha publiquemos neste boletín, entréganos unha copia antes do día 17. De entre todas as que recibamos seleccionaremos as máis interesantes e saíran no seguin-




CAMPIONATO DE BALONCESTO.

Dende o 21 de xaneiro dispútase un campionato interno de baloncesto no ximnasio 2 ou na pista do instituto, durante os segundos recreos. Anotáronse un total de 7 equipos:

1º A, 1º B, 2º A, 2º D de Bacharelato.

3º A, 3º B, 4º B de ESO.



VIAXE Á NEVE

Os alumnos/as de 1º de Bacharelato estarán do 16 ao 20 de febreiro en Cabeza de Manzaneda practicando esquí "galaico"



IES de Fene

A formación
ó teu alcance

O BOLETÍN

Nº 1 - curso 03/04



www.iesdefene.org

CELEBRACIÓN DO ENTROIDO

A finais de Febreiro temos a festa do Entroido e sería mágoa non disfrutar deste evento no noso centro. Depende de todos nós. Se queremos festa temos que organizala e participar todos.

Queda cos teus compañeiros para formar unha comparsa.

Dille aos teus profesores que vos axuden a elaborar unhas coplas.

Construír un meco.

Redactar un xuízo e testamento para ler antes da queima.



Lembra que o día 20 de Febreiro é o venres de entroido.
Comeza xa a pensar que vas a facer ese día.

A túa páxina web.

www.iesdefene.org



DÍA 30 DE XANEIRO,
VENRES NON HAI
CLASE. ESTAMOS DE
PATRÓN

MUDANZAS NAS NORMAS DO GALEGO.


Desde o 12 de xullo de 2003 o idioma galego posúe unha novas normas ortográficas e morfolóxicas, resultado dun consenso entre distintos sectores comprometidos coa normalización do galego.

Neste primeiro artigo imos comentar algúns aspectos relevantes destas novas normas:

- Elimínase o c nos grupos -ct- e -cc- precedidos de -i- e -u- de modo que só é correcto escribir:
Ditado, conduta, produto, condutor, dicionario, estrutura, vítima, vitoria, destrución, etc...
- Amplíase a relación de voces con -zo, -za
Diferenza, espazo, graza, nacemento, presenza, sentenza, benquerenza, servizo, Galiza

Un ano máis a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria convoca a campaña "Entre nós, en galego". Trátase de varios concursos que permiten gañar ata un ordenador persoal. Desde o IES de Fene queremos participar en varias modalidades:

- Publicidade en lingua galega: é un concurso de cartel e lema sobre o galego dirixido ao alumnado de ESO. Ademais editaríamos no instituto uns pegadizos co debuxo seleccionado.
 - Concurso de relato curto e concurso de poesía: pode participar todo o alumnado que o desexe.
 - Concurso-campionato do xogo "O Preguntorio": aberto á participación de todos.
 - Concurso de música: só para o alumnado de ESO
- Para coñecer as bases dirixídevos aos vossos profesores de galego, debuxo ou música ou ao coordinador do equipo de normalización lingüística.



SAN VALENTÍN

ÉTIMO - Do latín Valentinus, derivado de Valens (Valente). Como nome persoal aparece só en época cristiá.



LENDA - San Valentín foi un clérigo romano decapitado por orde do emperador Claudio II contra o ano 268. É o patrón dos namorados, porque en certos países as rapazas escollen os seus prometidos o día da súa festa, ou talvez por ser a época na que os páxaros principian a se emparellar. En Galicia esta festa é recente e entrou por vía comercial: o máis parecido a ela era ata hai pouco tempo a festa da Candelaria.

ICONOGRAFÍA - O santo viste casula episcopal; atributo persoal; unha espada cravada no peito (instrumento de martirio) ou un sol na man (por curar unha meniña cega).

